

EXCMO. CONCELLO DE LUGO
ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 31 de agosto de 2011, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE LUGO.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: É a realización dun servizo de información turística no Concello de Lugo.

b) Prazo de execución: ata que estea adxudicado e formalizado un novo contrato co mesmo obxecto que inclúa o servizo de información turística para o futuro Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) e que se prevé para o vindeiro verán, sen que en ningún caso supere a duración de UN ANO dende a formalización.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: O valor estimado do contrato ascende á 136.920,58 euros máis o 18 % de IVE (24.645,71 euros) polo que o presuposto máximo do contrato ascende a 161.566,29 euros IVE incluído.

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 130,78 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 12 de setembro de 2011
O ALCALDE,
P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA
(Decreto Alcaldía nº 60/2011)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia